

DECRETO CONVOCATORIA XGL - EXP. Nº: 2026/G005/000030.

Excma. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión ordinaria da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **luns**, día **6 de xullo de 2026**, ás **10.00 h**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA, MEDIO AMBIENTE, XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS HUMANOS, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

PERSOAL

1. RESOLUCIÓN DOS RECURSOS DE ALZADA E REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA AS RESOLUCIÓNS DITADAS POLO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE TÉCNICO/A MEDIO DE XESTIÓN, PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2023).

PREVENCIÓN E SAÚDE

2. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO INTERNO DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

ÁREA DE URBANISMO

LICENZAS

3. LICENZA URBANÍSTICA CO FIN DE REHABILITAR O EDIFICIO SITO NO RÚA SAN PEDRO, 36-36A, PARA APARTAMENTOS TURÍSTICOS (EXP. 2026/Y001/000353).

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, PARTICIPACIÓN, SERVIZOS Á VECIÑANZA E BENESTAR ANIMAL

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

4. CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA PEDAGÓXICO DE APOIO Á CONCILIACIÓN “APRENDE XOGANDO” DO CONCELLO DE LUGO (EXP. 2025/C003/000034). EXECUCIÓN DA RESOLUCIÓN NÚMERO 68/2026 DO TACGAL QUE ESTIMA O RECURSO ESPECIAL PRESENTADO POLO

ACTAS E GOBERNO

AMRG/nmf

Ref: 26decreto049

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-7-2026

SINDICADO CCOO EN GALICIA CONTRA OS PREGOS. ANULACIÓN DO CONTRATO E CONTINUACIÓN PROVISIONAL.

5. CONTRATACIÓN DO PROGRAMA “CAMIÑO ÁS AULAS” NOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE LUGO. ADXUDICACIÓN (EXP. 2026/C003/000012).

6. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MEDALLAS, CAMISETAS E TROFEOS PARA O SERVIZO DE DEPORTES DO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E APERTURA DO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO (EXP. 2026/C004/000018).

7. CONTRATACION DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COLABORACIÓN NA INSPECCIÓN TRIBUTARIA MUNICIPAL (EXP. 2022/C003/000027). MODIFICACION DO CONTRATO E PRIMEIRA PRÓRROGA DO 28 DE XULLO DE 2026 AO 27 DE XULLO DE 2027.

MOCIÓN, COMUNICACIÓN E PROPOSICIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará aos membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ao órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e ao interventor xeral municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ao disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola alcaldesa presidenta, dona María Elena Candia López.